

## ORIENTACIÓNS DE TRABALLO SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO

Ola familias,

Novamente douvos esta orientación semanal para que sigades profundizando e reforzando nas aprendizaxes feitas ao longo de todo o curso.

Primeiro, é como é a costume englobaremos as actividades arredor dun centro de motivación que nesta semana escollin **“AS MASCOTAS”** dado que moitos de vos tedes mascota na casa.

Presentación aos demais da mascota que tedes na casa. Algúns dos nenos/as non teñen pero entón poden facer o mesmo traballo no suposto de que sí a tiveran ¿Qué mascota gustaríalles ter?.

- **FACEMOS O DEBUXO DA NOSA MASCOTA**

Neste debuxo poñeremos na parte de arriba “A miña mascota é \_\_\_\_\_” (un can, gato, tartaruga...etc) Na parte de abaixo, “Chámase \_\_\_\_\_” (poñer o nome da súa mascota)

- **PEGADAS DA MIÑA MASCOTA**

Esta actividade consiste en facer a pegada nun trozo de arcilla ou masa de modelar. Poñer a pegada da mascota e a súa ao carón. Verán que é moi diferente.





- **SILUETA CAN E SILUETA GATO**

Esta actividade consiste en poñer en cada unha das mitades da silueta un gomets da mesma cor. Ao remate, teñen que ter as dúas mitades o mesmo número de gomets. As siluetas deben ser da cor negra e simétricas. É aconsexable poñer gomets coa mesma forma



- **PUZLES DE ANIMAIS**

Podedes facer os vosos propios puzles en 4 partes con imáxenes de animais o outras imáxenes ou fotos que sexan claras . (ANEXO 3 Puzles)



- **A NOSA HUCHA**

Para facer esta actividade necesitamos 5 fichas de diferente cor. Facer ranuras na caixa para encaixar as pezas pola súa cor



- **FACEMOS TORRES**

Para esta actividade necesitamos ter construcciones e tarxetas de números



- **CADA PEZ NO SEU SITIO**

Para facer esta actividade debemos preparar os seguintes acuarios e asocialos coa cantidade de peces correspondente. O que queira pode facelo ata o numero 10 pero é suficiente do 1 ao 6. Douvos o anexo co material preparado (Anexo 2)



- **RECORTAR**

Se preparan tiras de papel con trazos para que eles recorten pola linea



- **BÚSQUEDA DE LETRAS**



- **FACEMOS NOMES COAS CONSTRUCIONES**

Para esta actividad necesitamos piezas de construccion e unha tiza para facer o nome en grande.





## OS CONTOS DESTA SEMANA

### “Los músicos de Bremen”



Este é un conto clásico que trata a historia dun grupo de animais

<https://www.youtube.com/watch?v=7Ou5MfCRO5Y>

### “El pez arco iris”



<https://www.youtube.com/watch?v=Dr92P3eXvAM>

Despois do visionado , podedes facer un debuxo dos protagonistas ou ben unha manualidade en relación aos contos. Ademais podedes falar un pouco para ver cómo foi a comprensión

Móstrvos a continuación algunhas ideas de manualidades en relación a “El pez arco iris” .




Esta outra faise con estampacion (apio) e t mpera



Neste apartado de contos tam n quer a indicaros unha actividade da linguaxe moi practerera para os nenos/as , son as “adivi anzas”. Se queredes podedes usar sobre animais ou sobre calquer outro tema pero non se vos esquenza practicar con eles. G stalles e axudanlles para a mellora e reforzo da compresi n da linguaxe.

Neste enlace tedes **“ADIVINANZAS DE ANIMAIS”**

[https://www.youtube.com/watchv=2r8s\\_qNmlxE](https://www.youtube.com/watchv=2r8s_qNmlxE)



Ata aquí a miña proposta , tamén anexareivos unha morea de fichas que podedes facer as que mais vos gusten. Son todas encaminadas a reforzar ben as aprendizaxes. (ANEXO 1)

Moitas grazas para poder levar ben a situación, sei que moitos de vos facedes un gran esforzo en levar adiante a labor educativa da mellor maneira posible. Estadese a facelo moi ben.

Eu continuarei dándovos o meu apoio se o necesitades , tanto a través das orientacións que facilitovos como tratando de resolver as dúbidas que vos surxan acerca da aprendizaxe dos vosos fillos/as

Pasade unha boa semana e ánimo que xa queda menos para rematar o curso

Unha forte aperta

Elena